

UN PROXECTO TRANSFORMADOR, UN PRESIDENTE PARA A NOSA NACIÓN.

COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIROS
CONVIDADOS E CONVIDADAS
PROFESIONAIS DOS MEIOS DE COMUNICACIÓN.

TÓCAME A MIN PRONUNCIAR O DISCURSO DE APERTURA DESTA
ASEMBLEA NACIONAL EXTRAORDINARIA E APRESENTAR O
DOCUMENTO QUE SE SUBMETERÁ A DEBATE AO REMATE DESTA
SESIÓN.

O DOCUMENTO, QUE XA TIVESTES OPORTUNIDADE DE DEBATER
NAS ASEMBLEAS COMARCAIS, ANALISA OS CAMBIOS HABIDOS
NO NOSO PAÍS NOS TRES ANOS LONGOS DE NOVO GOBERNO, E
FIXA OS OBXECTIVOS POLÍTICOS E ELECTORAIS DO BNG O
PERIODO VINDEIRO.

E FAINO CON PONDERACIÓN, FUXINDO DA AUTOCOMPLACENCIA
E O TRUNFALISMO, RECOÑECENDO ERROS E LIMITACIÓNS
PROPRIAS E ALLEAS, MÁIS PONDO TAMEN EN VALOR O MOITO
QUE SE TEN AVANZADO,.

COMPAÑEIROS, **AS ELECCIÓN AUTONÓMICAS DE 2005** **ABRIRON UN NOVO TEMPO POLÍTICO DO NOSO PAÍS.**

DESPOIS DE DEZASEIS ANOS DE REINADO DO PARTIDO POPULAR, CHEGABA O TEMPO DO CAMBIO, NO QUE AO NACIONALISMO GALEGO LLE CORRESPONDIA UN PAPEL DECISIVO.

NA XII ASEMBLEA NACIONAL ASUMIAMOS OS RETOS E DESAFIOS DESTE NOVO TEMPO. PERO TAMÉN ERAMOS CONSCIENTES DAS LIMITACIÓNS E DIFICULTADES DE PARTIDA.

O BNG ACCEDÍA POR VEZ PRIMEIRA AO GOBERNO DA NOSA NACIÓN, CO ESFORZO DE APRENDIZAXE E ADAPTACIÓN Á NOVA SITUACIÓN QUE ESE CAMBIO CUALITATIVO CONLEVABA, E FACÍAMOLO COMPARTINDO RESPONSABILIDES DE GOBERNO CUNHA FORZA POLÍTICA DE OBEDIENCIA ESTATAL, GOBERNANDO UN MARCO DE ENORMES LIMITACIÓNS DE TIPO COMPETENCIAL E HERDANDO UNHA ADMINISTRACIÓN CO DESEÑO, INERCIAS E ROTINAS QUE O PARTIDO POPULAR DEIXARA EN HERDANZA.

TRES ANOS DESPOIS, É MOITO O QUE SE TEN MELLORADO NO ORGANIZATIVO PARA ACADAR UNHA ÓSMOSE ENTRE O NOSO TRABALLO COMO ORGANIZACIÓN E A ACCIÓN DE GOBERNO,

POR MOITO QUE CUMPRA SEGUIR AVANZANDO NESA DIRECCIÓN, POIS ESA ÓSMOSE É IMPRESCINDÍBEL PARA **INCARDINAR O NOSO LABOR DE GOBERNO NO NOSO PROXECTO POLÍTICO** E PARA ACADARMOS UNHA MAIOR INTERRELACIÓN ENTRE O TRABALLO INSTITUCIONAL E A SOCIEDADE.

PERO Á PARTE DOS AVANZOS ORGANIZATIVOS, O MÁIS SALIENTABEL É O **AVANZO POLITICO**. HOXE XA NINGUÉN DISCUTE O **CONTRIBUTO POSITIVO DO BNG AO NOVO CICLO POLÍTICO**.

FRONTE AOS CLICHÉS QUE INTENTABAN APRESENTAR O BNG COMO UNHA FORZA SÓ ÚTIL PARA A DENUNCIA E A PROTESTA, **DEMOSTRAMOS QUE SABEMOS XESTIONAR**, E A TRAVÉS DA XESTIÓN **CONSEGUIR MELLORAS CONCRETAS NAS CONDICIÓNNS DE VIDA COTIÁS DO NOSO POVO**.

MÁIS FOMOS CAPACES DE DOTAR A ESTA XESTIÓN DE DIRECCIONALIDADE POLÍTICA:

O CONTRIBUTO DO BNG FOI DECISIVO PARA QUE O EXECUTIVO SE COMPORTASE COMO UN GOBERNO CON CRITERIOS AUTÓNOMOS, CON VONTADE DE RELACIONARSE CO GOBERNO CENTRAL NUN PLANO DE IGUALDADE, CON VOCACIÓN REAL DE DESENVOLVER E EXPANDIR O NOSO AUTOGOBERNO.

- ASÍ FOI CANDO APOSTAMOS POR UN **DESEÑO ENERXÉTICO PROPRIO**, QUE POÑA FIN A DÉCADAS DE ESPOLIO DOS NOSOS RECURSOS NATURAIS, OU CANDO APOSTAMOS TAMÉN POLO **PLENO DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES DO NOSO SECTOR NAVAL**, AÍNDA A COSTA DE ENFRENTARNOS AOS DESEÑOS DE MADRID E BRUXELAS.

- FOI O IMPULSO POLÍTICO DO BNG O QUE FIXO POSÍBEL O CONSENSO NO NOSO PAÍS Á HORA DE **ESIXIR QUE SE COMPLETE O CADRO COMPETENCIAL** DO ACTUAL ESTATUTO OU Á HORA DE **DEMANDAR UNANIMEMENTE A DELEGACIÓN NA GALIZA DE NOVAS COMPETENCIAS**, COMO AS DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL, IMPRESCINDÍBEIS PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA POLICÍA INTEGRAL GALEGA, QUE SUBSTITÚA PROGRESIVAMENTE AOS CORPOS POLICIAIS DO ESTADO.

- TAMÉN O IMPULSO DO BNG CONTRIBUIU PARA QUE **GALIZA PARTICIPE NA NEGOCIACIÓN DA REFORMA DO SISTEMA DE FINANCIACIÓN AUTONÓMICA CON POSICIÓN PROPRIAS**, AO

TEMPO QUE CON DADOS SOBRE A MESA, PUXEMOS EN EVIDENCIA A **FALACIA DA GALIZA SUBSIDIADA**, SOSTIDA POLO ESTADO, SITUANDO NO HORIZONTE A DEMANDA DUN **NOVO MODELO QUE ASEGURE PLENAMENTE A AUTONOMÍA FISCAL E FINANCEIRA DE GALIZA**.

- **NON HAI LIBERDADE SEN AUTORRESPONSABILIZACIÓN**: SÓ AUTORRESPONSABILIZÁNDONOS PODEREMOS CONSTRUIR O NOSO PROGRESO E BENESTAR COLECTIVO.

- POR ISO FOI O BNG QUEN CONSEGUIU QUE SE INCLUISE NA AXENDA POLÍTICA DO PAÍS **A DEMANDA DUN ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA**, E TEDE A SEGURIDADE DE QUE **UN BNG MÁIS FORTE**, CON MÁIS CAPACIDADE DE DETERMINAR A VIDA POLÍTICA GALEGA, **FARÁ QUE NA VINDEIRA LEXISLATURA O NOVO ESTATUTO SEXA UNHA REALIDADE**.

MÁIS O CONTRIBUTO DO **BNG** FOI TAMÉN **DECISIVO PARA ACHEGAR AO GOBERNO VOCACIÓN TRANSFORMADORA**, ENCETANDO OS CAMBIOS ESTRUTURALS QUE GALIZA NECESITA:

- ESTABELECECER OS CAMBIOS LEGAIS E NORMATIVOS PARA QUE O **MEDIO RURAL** TEÑA FUTURO ECONÓMICO E SOCIAL.

- DESEÑAR UNHA **POLÍTICA ENERXÉTICA** PROPIA QUE BENEFICIE O NOSO PAÍS.

- TOMAR MEDIDAS, POR PRIMEIRA VEZ EN TODO PERIODO AUTONÓMICO, FAVORÁBEIS AO **TECIDO COMERCIAL AUTÓCTONO**, VERTEBRADOR DA VIDA ECONÓMICA E SOCIAL DAS NOSAS VILAS E BISBARRAS.

- ARTICULAR E DESENVOLVER O **SISTEMA GALEGO DE BENESTAR SOCIAL** E APOSTAR POLAS POLÍTICAS DE IGUALDADE..

- IMPULSAR UNHA POLÍTICA QUE TEÑA EN CONTA O DEREITO AO **ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA** E UNHAS NORMAS DE HÁBITAT DE CALIDADE.

- ARTICULAR UNHA **POLÍTICA CULTURAL** DESTINADA A VITALIZAR A TRADICIÓN POPULAR, A RECUPERAR A MEMORIA HISTÓRICA E FORTALECER A INDUSTRIA CULTURAL.

ESTES SON SÓ ALGÚNS **EXEMPLOS** DOS ALICERCER **DO CAMBIO TRANSFORMADOR** QUE PUXEMOS EN MARCHA NESTA LEXISLATURA E **QUE É NECESARIO COMPLETAR NA VINDEIRA.**

POR ISO, O BNG INICIA HOXE, COA ESCOLLA DO NOSO CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA, A PREPARACIÓN DUN PROCESO AO QUE O BNG VAI ACUDIR COA VONTADE DE DIRIXIR POLÍTICAMENTE O PAÍS. DE COMPLETAR UN PROXECTO TRANSFORMADOR PARA A NOSA NACIÓN, LIDERADO POR UN PRESIDENTE NACIONALISTA.

OS RESULTADOS DAS ELECCIÓNS LOCAIS, NAS QUE O BNG CONSEGUIU MÁIS ALCALDES E CONCELLEIROS QUE NUNCA, E OS RESULTADOS DAS ELECCIÓNS XERAIS, NAS QUE PESE AO INTENTO DE IMPÓR UN BIPARTIDISMO DE FACTO, O BNG CONSOLIDOU A SÚA POSICIÓN E MESMO OBTIVO MÁIS APOIOS ELECTORAIS, DEMOSTRAN QUE ESTAMOS AVANZANDO, QUE CADA VEZ HAI MÁIS GALEGOS E GALEGAS QUE CONFÍAN EN NÓS.

MULTIPLICAR ESES APOIOS E FACER DO BNG A FORZA CENTRAL DA POLÍTICA GALEGA É POSÍBEL, E O RETO BEN MERECE O ESFORZO DE TODOS E TODAS: GALIZA PRECÍSAO.

GALIZA PRECÍSAO, PRIMEIRO, PARA COMPLETAR OS CAMBIOS INICIADOS E ESTENDELOS A NOVOS ÁMBITOS:

- CÓMPRE MÁIS QUE NUNCA, NUN CONTEXTO DE CRISE ECONÓMICA, UNHA **LEI DE CAIXAS DE AFORRO** QUE POSIBILITE UNHA AUTÉNTICA POLÍTICA FINANCEIRA AO SERVIZO DA ECONOMIA PRODUTIVA E A CREACIÓN DE EMPREGO.
- É NECESARIA UNHA APOSTA DECIDIDA POLO **ENSINO E A SANIDADE PÚBLICA** COMO PEARES BÁSICOS DUN SISTEMA GALEGO DE BENESTAR.
- HAI QUE **ORDENAR TERRITORIALMENTE O PAÍS**, PROTEXER OS SEUS VALORES PAISAXÍSTICOS E MEDIO AMBIENTAIS E **ADECUAR A SÚA ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA** Á NOSA REALIDADE NACIONAL, SUPERANDO A DIVISIÓN PROVINCIAL.
- A NOSA NORMALIZACIÓN COMO PAÍS ESIXE CONFORMAR UN **ESPAZO INFORMATIVO E COMUNICATIVO PROPRIO**, NO QUE OS **MEIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS CUMPRAN Á FUNCIÓN SOCIAL** PARA A QUE FORON CRIADOS.

- E GALIZA PRECISA DUN **IMPULSO DECIDIDO ÁS POLÍTICAS DE NORMALIZACIÓN DO NOSO IDIOMA**. PORQUE NINGUN PAÍS PODE CONSTRUIR UN FUTURO DE BENESTAR PARA SI DESDE A NEGACIÓN DA SÚA IDENTIDADE. POR QUE TERMOS UN IDIOMA PROPRIO E POÑELO EN VALOR, TEN QUE SER UN FACTOR DE PROGRESO PARA A NOSA NACIÓN.

GALIZA PRECISA, EN SEGUNDO LUGAR, PARA INFLUÍR POSITIVAMENTE NA TRANSFORMACIÓN DO ESTADO ESPAÑOL, SOBRE A BASE DO RESPEITO E AS RELACIÓNS IGUALITARIAS ENTRE OS DISTINTOS POBOS QUE O CONFORMAN.

O MELLOR DIQUE ÁS TENTACIÓNS RECENTRALIZADORAS, É UN BNG MÁIS FORTE EN GALIZA E CON INFLUENCIA EN MADRID.

POR ISO, **A VINDEIRA LEXISLATURA TEN QUE SER A LEXISLATURA DUN NOVO ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA.**

E GALIZA PRECISAO, EN TERCEIRO LUGAR, PARA LOITAR CONTRA A CRISE.

A CRISE ECONÓMICA QUE ESTAMOS A VIVER NON É SÓ A CRISE DUN MODELO DE DESENVOLVEMENTO BASEADO NA ESPECULACIÓN, NO INTERCAMBIO DESIGUAL A ESCALA PLANETARIA, NO ENFEUDAMENTO A UN MODELO DE CRECIMENTO NON SOSTÍBEL.

A CRISE ECONÓMICA É TAMÉN A CRISE DUNHA CORRENTE DE PENSAMENTO:

¿ONDE ESTÁN OS QUE ACREDITAN NUNHA ECONOMÍA SEN NORMAS, SEN REGULACIÓN POLOS PODERES PÚBLICOS? ¿OS QUE TODO O CONFIAN Á DINÁMICA DO MERCADO?. ¿U-LOS?. ¿ONDE ESTÁN?.

¡XA O SABEDÉS!, É PRIMEIRA PLANA EN TODOS OS XORNAIS:

¡ MOBILIZANDO INXENTES RECURSOS PÚBLICOS PARA SALVAR O SISTEMA FINANCEIRO!:

¡OS PROFETAS DO ULTRALIBERALISMO RECORREN AO SOCIALISMO PARA SOCIALIZAR AS PERDAS DOS BANQUEIROS!.

E ¿CON QUE RECEITAS NOS AMEAZAN NO ESTADO ESPAÑOL?:
XA O ANUNCIARON A SEMANA PASADA O GOBERNADOR DO
BANCO DE ESPAÑA E O PRESIDENTE DA GRANDE PATRONAL:
“MODERACION SALARIAL E ABARATAMENTO DO DESPIDO”: ¡
¡QUEREN QUE A CRISE QUE CRIARON OS ESPECULADORES A
PAGUEN OS TRABALLADORES!

POIS O MELLOR DIQUE CONTRA UNHAS POLITICAS QUE
PENALIZEN A GALIZA E AOS TRABALLADORES É UN BNG MÁIS
FORTE EN GALIZA E CON INFLUENCIA EN MADRID.

**PORQUE O BNG É A GARANTIA DE DEFENSA DOS DEREITOS
SOCIAIS E LABORAIS.**

E PORQUE PARA O BNG, **MAIS AUTOGOBERNO É GARANTIA DE
MÁIS BENESTAR:** QUEREMOS MÁIS AUTOGOBERNO PARA
DESEÑAR POLITICAS QUE APOSTEN POLA NOSA ECONOMÍA
PRODUTIVA, POLA MOBILIZACION DOS RECURSOS DE GALIZA
APROL DO NOSO DESENVOLVEMENTO ENDÓXENO, POLO
APROVEITAMENTO INTEGRAL DE TODAS AS NOSAS
CAPACIDADES.

COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS, PERMITIDE QUE ENFÍE O FINAL DA MIÑA INTERVENCION, XA QUE FALEI DA CRISE DE **WALL STREET**, PARAFRASEANDO UNHA **FRASE** CELEBRE DUN PRESIDENTE DOS ESTADOS UNIDOS, **JOHN F. KENNEDY**:

**NON TE PREGUNTES QUE PODE FACER AMÉRICA POR TI ,
PREGUNTANTE QUE PODES FACER TI POR AMÉRICA.**

EU NON VOS DIGO EXACTAMENTE O MESMO REFERIDO A GALIZA. É **BON QUE GALIZA TEÑA UNHA SOCIEDADE CRÍTICA**, ESIXENTE COS SEUS DIRIXENTES, **PERO SEN DÚBIDA TAMÉN É MOITO O QUE CADA UN DE NOS PODE FACER POR GALIZA.**

CASTELAO DICIAO CON OUTRAS PALABRAS:

**NON POÑAS CHATAS Á OBRA NAMENTRAS NON ESTEA
REMATADA. SE QUERES TRABALLAR NELA HAI SITIO PARA
TODOS.**

PERMITIDE, ANTES DE QUE REMATE, QUE TEÑA UNHAS **PALABRAS DE RECORDO PARA QUEN ADICARON A SÚA VIDA A TRABALLAR NA OBRA E HOXE NON PODEN ESTAR CON NOS.** COMO A LISTA POR DESGRACIA É LONGA, PERMITÍDEME QUE PERSONIFIQUE ESTE RECORDO NO ÚNICO COMPAÑEIRO DO

CONSELLO NACIONAL QUE NOS DEIXOU DESDE A DÉCIMO
SEGUNDA ASEMBLEA: O MEU AMIGO LOIS OBELLEIRO.

POR EL, POR TODOS OS QUE NOS PRECEDERON:

¡¡ POÑÁMONOS Á OBRA!!

POR GALIZA.

VIVA O BNG.